



NOVA
CANTIGA
GALEGA

PATROCINA "ASOCIACION ANTIGUOS ALUMNOS"

CANTAN:

XAVIER
TINO ALVAREZ
XERARDO MOSCOSO
BENEDICTO
VICENTE



CANCIOS INTERPRETADAS POR XAVIER

DEITADO RENTE AO MAR

Lingoa proletaria do meu pobo
eu faloa porque si, porque me gusta,
porque me peta, e quero, e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raices
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque si, porque me gusta
e quero estar cos meus coa xente miña,
perto dos homes bós que sofren longo
unha historia contada en outra lingoa.

Eu non podoo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.

E tí vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas
deitada rente ao mar, ise camiño....

Celso Emilio Ferreiro

MONOLOGO DO VELLO TRABALLADOR

Agora tomo o sol. Pero até agora
traballei cincoenta anos sin sosego.

Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.

Gastei o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primaveira, veu o inverno.

Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocidade. Nada teño.

O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.

Ben pensado o patrón todo mo debe.

Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.

Mentras o tomo, espero.

Celso Emilio Ferreiro

ROMANCE INCOMPLETO

Fuco Pérez sin segundo,
veciño de Gargamala,
viudo, maior de idade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cinco ducias de patacas.

Fuco Pérez sin segundo,
furibundo iconoclasta,
pai dun neno engaranido
chantado diante a cabana

Por teimoso inconformista
teñente fichado os gardas;
por herexe e descreido
poñenche a figa as beatas.

Fuco Pérez sin segundo,
ningúen sabe o que che pasa.

Tes o día, tés a noite
tés os paxaros da ialba,
tés as estrelas do ceo,
tés as ruas i as estradas.

Fuco Pérez sin segundo,
qué che falta...?

Celso Emilio Ferreiro

OS LABREGOS

Miradeos ben, ises son os labregos,
rexos muros de dór coutando as ruas,
as torres i os castelos das cidades.

Perante dous mil anos
non foron máis que ilotas
fozando a terra ingrata,
de sol a sol,
pra que os demáis viviran.

Destripando torrós,
comestos da iñorancia,
dous mil anos arreo.

E decides agora:
"Non sirven pra outra cousa".

E vades rezar a Deus,
tranquilamente,
sin remorso.

Celso Emilio Ferreiro

Patrocinado:

Cancions interpretadas por Benedicto
VENCEREMOS NOS

Venceremos nos.
Venceremos nos.
Algun dia venceremos.
Dende o fondo da noite
dino o corazon
que algun dia venceremos.

Collidos das mans,
collidos das mans,
cas mans de todos farenos
un canifo na noite
dino o corazon
que algun dia ven ceremos.

Nos non temos medo
nos non temos medo,
nos non temos medo hoxe.
Dende o fondo da noite
dino o corazon
que algun dia venceremos.

!!!VENCEREMOS NOS...!!!
Letra e musica popular

NO VIETNAM

No Vietnam
os rios xa levan sangue,
os arrozales ficaram
cubertos de honos.
A loitar, a loitar.

No Vietnam
voan volvoretas ensanguentadas
e o chan esta senentado
de pisadas estranxeiras.
A loitar, a loitar.

No Vietnam
ESTOUPAN DIARIAMENTE
MILLOS DE DOLARES
e polo mundo
escoitense decote
laio de fano.
A loitar, a loitar.

No Vietnam
MORRE A LIBERTADE
afogada polos avios
e os honos choran;
choran e berran.
A loitar, a loitar.
A loitar, no Vietnam.

Letra Lois Dieguez
Musica Benedicto.

CARTA A FUCO BUXAN

Fuco Buxan, labrego esfarrapado,
fillo da fano e neto de labregos.
Fuco Buxan, que vives de prestado,
conesto o corazon os ollos cegos.

Fuco Buxan, compañe da miseria,
curman das inxusticias e os aldraxos
Fuco Buxan, ¿non sintes que na IBERIA
faden a poñer os honos i as paisaxes?

Fuco Buxan, na noite estrolecida
hai un rio de luz que ven de loxos.
Fuco Buxan, da testa decaida,
hai un rio de luz pra os honos roxos.

Fuco Buxan, aprende a andar orgueito
Fuco Buxan aprende a falar forte.
Fuco Buxan, aprende de tal xeito
que nunca mais esquezas o teu norte.

Fuco Buxan, que forzas decotio
na terra que te manda e non te deixa.
Fuco Buxan, que tes un larguesio
ambitecer na iala que te aproxima

Fuco Buxan, de sol a sol esterco.
Fuco Buxan de sol a sol cixada.
Fuco Buxan, coutado por un cerco.
Fuco Buxan, mais vale non ter nada.

MENTRAS O TEMPO DA PATRIA NON CHEGA
MENTRAS NON PASA O TEMPO QUE DENIGRA
DEIXA ISE ESCURO AFAN QUE TE ATAFEGA
FUCO BUXAN, !!EMIGRA!!!

C.E.FERRERO.

CANCION

Un vello cantaba
unha lonbrenza.
Un vello cantaba
unha loubanza.
Un neno cantaba
unha esperanza.

Pobo meu pois que cantas
!!!ERGUETE I ANDA !!!

Letra de C.E.Ferreiro
Musica de Benedicto.

CALCIOS INTERPRETADAS POR XERARDO
MOSCOSO

REQUIEM II

Cando unha vez anonima dixo
irmão branco, irmão branco,
irmão negro.

Imos con a mágoa
e a cadea
do noso pobo
encadeado.

Que a vexan todos e a rompan,
e tamén se desprendan.

Porque toda cadea
ten dous extremos
un es ti, o branco,
outro son eu, o negro.

De non ter con que en Harlem
morreu un negro.

De cansancio ao pé da estatua da
Libertade morreu un negro.

Todolos días morre un negro,
Ninguén podía xa aguantar mais.
Oxe foi en America.

Lutero King.

Erguete branco, érguete negro
érguete branco, érguete negro.

X. Moscoso - X. Freire

ACOUGA

Acouga xa e vaite
labrego
que non é o ceo
nin o cinico das augas torrenciás
nin o frio
nin a calor,

o que erguiu a pataca mofosa
e loiro trigo dos teus campos
si non o polvo das tuas mans
e tuas porcas unllas mouras.

Acouga xa e vaite
labrego,
vaite a pregoulle ao científico
ao evanxelista
aos demagogos

e a os carallás,
que colgache as cadeas
da historia,
que Galicia non é tan verde
coma din

porque a teñen falseada
os pintores paternales
e os poetas larpeiros.

Acouga xa e vaite
labrego.

MENSAXE URXENTE PRA A. MACHADO

Eiquí silencio
ó norte colliure
e unha morte que enxendra
corazos pra liberdade
o milagre dun pobo
en pe de amor
e o calor da tua cinza quente
que nos ergue contra perezosos tempos/
na terra da charanga e os pandeiros
hai unha esperanza
que inda agarda
encher de futuro iste silencio.

X. Moscoso - X. Freire

O UMBRAL

Cando eu subín ao umbral da probenza
e vin o fogo e a madeira ao ras do chan
e con soio dar un paso
chegar a tocala mesa.

A sabana no chan
a nena descalza
e as migallas de pan
comprendín que non hai umbral pra
Soio dar un paso (probeza
como se dá o vento
sin rachalo ar
sin empercala terra
soio un paso dar.

Cando eu subín ao umbral da probeza
coa ollada nun charco
e sin abrila porta
e parpalas facies mouras
e o cego o labrego e o obreiro
As niquiñas robots
e o furgon da inñeranza
sin abrila porta
como fundirse na lauga
soio dar un paso.

E BOA A PAISAXE

Un día escoitei:
 "é boa a paisaxe"
 Mirei canda a min.
 Vin que eran turistas
 Andaban en coches
 vestían bos traxes.
 As praias i o sol
 ios verdes i as chairas.
 Leducia pra os ollos
 de quen non as traballa.
 Entón eu pensei trocárlles
 a imaxen, en ves de praias con sol
 coitados paraxes.
 Si tiveran que andar
 polas corredeiras
 con iauga nos pes
 trauando nas covas
 habían decir:
 "é boa a paisaxe"
 Si tiveran pra ganalo pan
 cavar na ribeira
 con iauga e friaxe
 entón preguntéi:
 ¿é boa a paisaxe?

Tino Alvarez

MENSAXE PRA O OBREIRO

Cántovos na vosa lingua.
 Obreiros galegos
 soio pido que escoitedes
 o que eu canto aquí
 Pertencezo o voso pobo
 e canto no seu nome
 altade o voso esprito
 e sintide coma min.
 Cantolle a iso xornaleiro
 que de sol a sol vira a terra co
 tamén hei falar no nome /arado
 do carpinteiro de dedos callados.
 Obreiros de mans sangrantes
 mans cansadas i aldraxadas
 mans buscantes de xusticias
 mans falantes de verdades.
 Tamen hei cantarlle aos probes
 aos de esprito sin deixar aos de
 cantovos na vosa lingua /pedir
 facede caso de min.
 Cantovos na vosa lingua
 obreiros galegos
 pra que sintades dista Galicia
 suas costumes, seu vivir.
 Cantovos na vosa lingua.
 Facede caso de min.

Tino Alvarez

EIQUI HAI FESTA

Era na festa do pobo
 ao remate da tarde
 caniño do outeiro.
 Mozos e mozas beilaban
 cos axiles brincos
 dos anos primeiros.
 Naiçe pensaba na morte
 ninguén pensava en chorar
 soio pidian catexas
 pra eles podelas beilar.
 Mentras os mozos beilaban
 nunha triste casa escoitábanse berros
 eran choros pola morte
 dun pai de familia
 de nenos pequenos.
 Siguen os mozos beilando
 naiçe hai que os faga parar
 inda que finxan chorosos
 caniño do enterro ao seguinte xornal
 Así ao remate da vida
 imos sentir cantos
 imos sentir berros
 uns cantaran de alegría
 outros ceibaran choros lastimeiros
 Seguirá a festa no pobo
 naiçe voltará a pensar
 queda o cadavre na terra
 van os mozos a beilar.

Tino Alvarez

FAI UNS CANTOS SECULOS

Era a vida do humilde obreiro
 traballar sin descansar
 deitarse trade e cansado
 pra unha miseria ganar. ¿E agora qué?
 A vida dos mais levados (estrib.)
 si tiñan cartos era casar
 traeren fillos ao mundo
 escravos pra o feudal (estrib.)
 Iste era o probe ciclo do obreiro
 nacer e morrer con traballos
 enxendrar uns a outros
 sin sair de ser escravos (estrib.)
 Sin traicioar a unha crase
 que non deixaba de aloitar
 por ceibarse das cadeas
 da carcel do capital (estrib.)
 E chegaba leda a morte
 a uns de xóvenes a outros de vellos
 sin coñecer a boa vida
 senón traballos e poucos ferros (est.)

Tino Alvarez

CANCIOS INTERPRETADAS POR VICENTE

GOETHE

Aquil señor burgues, condecorado
usia eu escelencia ben cebado,
que ronca con pracer na noite longa,
e ten muller feliz de teta oblenca.
Con dous fillos petisos, deportistas
un pouco libertinos e "juerguistas"
idiotas pola nai, polo pai grosos
pondo dentes de can que venta os osos
ponse a rosmar e morde:
eu prefiero a inxusticia ao desorde.

C.E. Ferreiro

NON QUERO CANTAR PRA TI

Non quero cantar pra ti,
pequeno patufo esfarrapado,
que semente pensas polas noites
na coor das tuas garabatas.
Non quero cantar pra ti,
que tes medos da tua sombra,
e que fuxes cando escoitas unhas verbas
coma democracia e libertade,
Non quero cantar pra ti
patufo escuro esfarrapado,
que tan soio vives de lembranzas,
e de vellasgrorias xa pasadas.

V. Araguas

AGORA

Vivamos niste tempo, e mellor,
sin pensar en vellos feitos,
i en glorias que fuxiron
tarde a tarde polos ares.
Xa e tempo o sabemos
pra decidir si somos ou non somos
e fora!fora!fora!
pola rua camiña xente nova.
Levemos a frente núa de cobizas
e pensemos semente unha cousa;
si somos ou non somos xa e tempo
de que o sepan,
e fora!fora!fora!
pola rua camiña xente nova.

V. Araguas

A XERARDO MOSCOSO

Chegou a tarde,
con ela as galiñas,
as candongas de sempre
as finxidas galiñas.
Cantou o galo e berrou;
as rachadas galiñas dixeron que non
Chegou a noite,
con ela as galiñas,
as candongas de sempre,
as cheirentas galiñas.
Colouse a esperanza e marcou:
as rachadas galiñas dixeron que non
Ficou o galo,
con il as galiñas,
as candongas de sempre
as hipocritas galiñas.
Cantou o galo e berrou;
as rachadas galiñas dixeron que non.

V. Araguas

Patrocina:

"ASOCIACION DE ANTIGUOS ALUMNOS DEL INSTITUTO TECNICO
DE RIBADEO"